Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Seis curas de Lameiroquente

Había un lugar que se chamaba Lameiroquente. Alí vivía unha señora que non foi casada e tivo seis fillos. Cada un que ía nacendo mandábao bautizar. Ó vir de os bautizar enseguida lle morrían non se sabe o porqué, e desa maneira morréronlle os seis. Cando a señora foi vella e chegoulle a hora de morrer, o cura da parroquia non quixo saber nada para enterrala. Cando saían con ela da casa, no fondo da escaleira, sen saber por onde, apareceron seis curas que cantaron durante todo o camiño e lle tiveron a misa. Cando a ían enterrar, sen saber por onde, desapareceron os seis curas.

A xente dicía:

¿De onde serán estes curas que cantan tan ben?

Pero ninguén o sabía; entón a xente deu en dicir:

Pois nada, teñen que ser os fillos que están no ceo e viñan honrar á súa nai.

[Recollido por Rosa Mª Lorenzo e Mercedes Mira en xaneiro de 1991, en Vilar de Flores, parroquia de San Breixo de Espiñeiros, concello de Allariz (Ourense)]

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, A., «102 lendas e noticias lendarias», en Boletín Auriense, XXIV, 1994, páx.. 287- 336.